

IV CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA E AGRICULTURA ECOLÓXICA

Vigo. 21, 22 e 23 de Xuño de 2012

*"INICIATIVAS AGROECOLÓXICAS INNOVADORAS PARA A TRANSFORMACIÓN DOS
ESPAZOS RURAIS"*

OBXECTIVO XERAL

No ámbito do IV Congreso Internacional de Agroecoloxía e Agricultura Ecolóxica queremos discutir e aprender das experiencias agroecolóxicas innovadoras que se estean a desenvolver en Galiza, no Estado e no Mundo. A posta en marcha de experiencias agroecolóxicas innovadoras é unha tarefa colectiva na que participan políticos, científicos, campesiños, consumidores e as súas asociacións. Chamamos aos axentes sociais implicados á participación, definindo as problemáticas existentes e propondo alternativas, co obxectivo de dinamizar o medio rural e afondar na súa sustentabilidade.

ÁREAS TEMÁTICAS

O Congreso está estruturado segundo as tres dimensións da agroecoloxía (técnico-productiva, política e sociocultural). Á súa vez, as tres dimensións desagreganse en áreas temáticas.

1. DIMENSIÓN TÉCNICO-PRODUCTIVA

Traballos centrados na análise de innovacións agroecolóxicas nos ámbitos técnico productivos vinculados a manexos agrogandeiros, aproveitamento de montes e recursos fitoxenéticos.

ÁREA TEMÁTICA 1. Agricultura e sistemas agrícolas agroecolóxicos

ÁREA TEMÁTICA 2. Produción animal e manexo agroecolóxico de sistemas gandeiros

ÁREA TEMÁTICA 3. Biodiversidade e recursos fitoxenéticos

ÁREA TEMÁTICA 4. Aproveitamento de montes e silvicultura agroecolóxica

2. DIMENSIÓN POLÍTICA

A dimensión política, tanto nos seus aspectos institucionais como non formais, é unha dimensión central da agroecoloxía. A análise dos aspectos normativos e institucionais entrelázanse coa análise das relacións de poder e as súas distintas manifestacións ao longo do sistema agroalimentario, así como coa construción de alternativas e respostas políticas desde a sociedade civil.

ÁREA TEMÁTICA 5. Agroecoloxía, territorio e desenvolvemento rural

ÁREA TEMÁTICA 6. Sistemas agroalimentarios alternativos

ÁREA TEMÁTICA 7. Calidade, saúde e seguridade alimentaria

ÁREA TEMÁTICA 8. Movementos sociais, agroecoloxía e soberanía alimentar

ÁREA TEMÁTICA 9. Feminismo e Agroecoloxía

3. DIMENSIÓN SOCIOCULTURAL

As estratexias agroecolóxicas de agricultores/as e gandeiros/as baséanse en valores e cosmovisións así como no coñecemento tradicional campesiño en diálogo con saberes e valores de xustiza e sustentabilidade forte.

ÁREA TEMÁTICA 10. Agroecoloxía e coñecemento tradicional

ÁREA TEMÁTICA 11. Indicadores de sustentabilidade e soberanía alimentar

ÁREA TEMÁTICA 12. Ética, epistemoloxía e educación para a agroecoloxía

ENVÍO DE RESUMOS

Deberase remitir o resumo (ecoecoagro@uvigo.es), en arquivo de texto, cun máximo de 2 páxinas facendo constar: Autor/a; Título; Área Temática na que se propón incluír.

Data límite: 01 de Abril.

Resposta do Comité Científico: recibido o resumo, en 15 días recibira o 1º autor comunicación da aceptación ou rexeitamento.

ENVÍO DE TEXTOS COMPLETOS

Os textos presentaranse (ecoecoagro@uvigo.es) en arquivo de texto cun máximo de 20 páxinas, incluídos cadros, gráficas e bibliografía: papel A4, marxes simétricas de 2,5 cm., 1,5 de interliñado e letra verdana 11.

Data límite: 15 de Maio.

Resposta do Comité Científico: recibido o texto completo, nun prazo máximo de 15 días recibira o 1º autor comunicación da aceptación ou rexeitamento.

A selección das comunicacións e a forma de presentación (oral ou poster) será definida polo Comité Científico.

IDIOMAS DO CONGRESO

O idioma do congreso será o galego. Textos e presentacións tamén serán aceptadas en castelán e portugués. Editarase libro con todas as comunicacións presentadas.

DATAS DO CONGRESO

21, 22 e 23 de Xuño de 2012

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Universidade de Vigo. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus Universitario. Lagoas-Marcosende. Vigo

TAXAS DE INSCRICIÓN E DATAS

Antes do 1 de Maio

Cota Ordinaria: 60 €

Estudantes e Desempregados: 30 €

A partir do 1 de Maio

Cota ordinaria: 90 €

Estudantes e Desempregados: 45 €

Para inscribirse coa taxa reducida será preciso presentar documento acreditativo da condición requirida.

A matrícula da dereito a asistir a todas as actividades programadas, recibir os materiais do Congreso e o libro de actas.

MODO DE REALIZAR O PAGO DA INSCRICIÓN

Matrícula desde a Comunidade Autónoma: Desde Novagalicia Banco co código do Congreso (INV00112) indicando nome e DNI

Matrícula desde fóra da Comunidade Autónoma: Transferencia a Novagalicia Banco á conta 2080 0501 1231 1000 0112 e indicar o código do Congreso (INV00112), nome e DNI

Matrícula desde o estranxeiro: Transferencia a Novagalicia Banco á conta ES14 2080 0501 1231 1000 0112 CAGLESMMXXX e indicar o código do Congreso (INV00112), nome e DNI

Despois de realizado o pago é preciso enviar copia do xustificante de pago á Secretaría do Congreso (fax: 986.812.401; ecoecoagro@uvigo.es) xunto coa folla de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

Secretaría do Congreso

Teléfono: 986.812.506

Enderezo electrónico: ecoecoagro@uvigo.es

Páxina web: <http://economiaecoloxica.uvigo.es>

IV CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA E AGRICULTURA ECOLÓXICA

Vigo. 21, 22 e 23 de xuño de 2012

FICHA DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos _____ DNI _____

Rúa _____ Nº _____

Poboación _____ Código postal _____ País _____

Correo-e _____ Teléfono _____

Organización _____

Presenta comunicación:

Si

Non

Solicita a súa inscrición no Congreso na modalidade de:

Inscrición ordinaria

Estudante ou desempregado/a

Asistirá ás visitas do 23 de xuño (gratuítas):

Si

Non

Sinatura

Remitir á Secretaría do IV Congreso:

Correo-e: ecoecoagro@uvigo.es

Fax: 986.812.401

Organiza:



Patrocinan:

Universidade de Vigo



Colaboran:

